

DESARMA OS TEUS IMPOSTOS



_campana galega pola
OBXECCIÓN FISCAL ao GASTO MILITAR 2022

DESARMA OS TEUS IMPOSTOS

A partida destinada ao ministerio de defensa nos orzamentos xerais do estado español para o ano 2022 ascende a 10.152 millóns de euros; ao redor do 0,8% do PIB, o que o coloca na terceira posición en canto ao destino de fondos. Con todo, de acordo aos criterios da OTAN, o gasto militar total, tendo en conta partidas distribuídas en outros ministerios, ascenderá a 21.565M de euros. Iso representaría case o 1,8% do PIB, varios milleiros de millóns aínda por debaixo do 2% que se pretende acadar, sen aclarar, iso si, se será en gasto real ou só do ministerio da guerra. Pero como imos dicir que non? É un compromiso asinado por España e sabemos que os compromisos se manteñen; que llo pregunten ao pobo saharauí.

Este imparable ascenso en inversión bélica contrasta co descenso nun 17,3% no orzamento do ministerio de sanidade respecto ao pasado ano (o investimento previsto é de 2.828 M de euros). Curiosa lóxica a que leva a xustificar un incremento do orzamento militar pola proximidade dunha guerra e que non se aplica á sanidade pola existencia dunha pandemia.

Coa guerra en Ucraína, superposta á pandemia previa e ligada á crise socio-económica, estamos a vivir un novo estado de *shock* que nos está levando a dar por boas situacións ata hai ben pouco impensables. Dende a apertura das portas aos cereais transxénicos importados dos USA, á compra do seu gas, moito máis caro a nivel económico e ambiental (dende a obtención, mediante *fracking*, ao transporte), lexitimación da enerxía nuclear, ou supresión de calquera barreira ao negocio eólico, agora xa, tamén nas nosas costas. Sen esquecer, obviamente, o propio rexurdimento da OTAN, organización que, en lugar de desaparecer, estase a afianzar, aínda despois de amosar, unha vez máis, o perigo que representa para o mantemento da paz mundial.

Si vis pacem, para bellum é a máxima que non deixamos de escoitar nos últimos tempos. Con todo, considerar que a paz se constrúe preparando a guerra ten o mesmo sentido que parar á extrema dereita asimilando o seu discurso, ou que acabar coa pobreza con máis capitalismo. É evidente que mentres haxa exércitos e toda unha industria bélica que precisa dar saída ao seus produtos, así como poñer a proba novas tecnoloxías, seguiremos tendo guerras, xa estean máis afastadas ou máis próximas no espazo. Por isto, o único camiño é o desarme e a desmilitarización. Nós, seguimos apostando por esta vía, e seguimos negándonos a que os nosos impostos financien a guerra.

Fai obxección ao gasto militar!



_Que é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar? Unha campaña de desobediencia civil que consiste en desviar unha parte dos impostos -na declaración da renda- que se destinan a gasto militar a proxectos sociais que pulan por unha sociedade máis xusta e desmilitarizada.

_Por que obxectar? Facéndoa apoiamos a loita contra o militarismo ao tempo que amosamos o noso rexeitamento ao gasto militar en particular e ao militarismo en xeral mentres solidarizámonos con colectivos anticapitalistas.

_Como se fai? Non aceptes o borrador de Facenda. No apartado "606" introduce a contía que quere desviar. Logo envía unha carta ao Ministerio de Facenda explicando a túa obxección xunto ao xustificante de ingreso da obxección.

_Que cantidade teño que obxectar? Cada quen decide o que quere/pode obxectar, desde un 1 €uro simbólico até... Ti decides.

_A quen destino os cartos desviados? Cos cartos podemos apoiar a colectivos, movementos ou loitas transversais á antimilitarista. Desde o Espazo Aberto Antimilitar propoñemos que este ano apoiedes á **Campaña Regularización Xa!** que promove unha ILP pola regularización administrativa das preto de 1 millón de persoas migrantes que están en situación irregular no estado español *+info: regularizacionya.com*

En 2021 o Estado Español gastou 36.902,52 millóns de euros en cuestións militares e de control social

778€ por habitante



se tes dúbidas
consulta a web:

nonaogastomilitar.org

ESPAZ ABERTO ANTIMILITAR